

Os traballos na natureza

As persoas necesitamos comida para alimentarnos, roupa para vestirnos, unha casa onde vivir... Para obtermos estas e outras moitas cousas, temos que traballar. Existen traballos moi diferentes.

Algunhas persoas traballan no campo ou no mar. Os produtos que obteñen da natureza chámanse **materias primas**.

Os **labregos** e as **labregas** cultivan a terra para obter verduras, froitas, cereais, algodón...




Os **gandeiros** e as **gandeiras** crían animais para obter carne, leite, ovos, coiro...



Os **maríneiros** e as **maríneiras** saen ao mar nos seus barcos para capturar peixes e mariscos.



Os **mineiros** e as **mineiras** traballan nas minas para extraer rochas e minerais.



Os traballos relaciónanse

As persoas usamos produtos todos os días. Para que cheguen ás nosas casas cómpre o traballo de moitas persoas.

O aceite de oliva

Para fabricar aceite de oliva necesítanse olivas, que medran nas oliveiras.

Cando están maduras, os **agricultores** e as **agricultoras** recollen as olivas e lévanas ás fábricas.

O aceite é
o produto elaborado



As olivas son
a materia prima

Nas fábricas, os **obreiros** e as **obreiras**, con axuda de máquinas, limpan as olivas para quitarlles as follas e as ramiñas que poidan ter.

Despois, móenas para extraer o seu zume, que é o aceite.

Por último, embotellan o aceite.

Os **transportistas** distribúen as botellas de aceite aos comercios. Alí, os **dependentes** e as **dependentas** véndenllelas aos clientes.



Os traballos nas fábricas e nos obradoiros

As persoas que traballan en fábricas e obradoiros utilizan materias primas, como algodón, froita ou aluminio, para facer **produtos elaborados**, como camisetas, zumes ou bicicletas.

As fábricas

- Son grandes e nelas traballan moitos **obreiros** e **obreiras**.
- Os traballadores utilizan grandes máquinas.
- Cada traballador ocúpase dunha tarefa: poñer parafusos, montar as pezas...



Os obradoiros


- Son pequenos e neles traballan os **artesáns** e as **artesás**.
- Para elaborar os produtos utilizan as mans e ferramentas sinxelas.
- O artesán ou a artesá realiza todas as tarefas que cómpren para obter o produto.



COMPARO E CONTRASTO

- ▶ Onde se fabricarán os produtos máis rapidamente, nunha fábrica ou nun obradoiro? Por que?
- ▶ Serán exactamente iguais todos os pratos de cerámica que elabore o artesán ou artesá? Explicao.
- ▶ E se eses pratos os fixesen as máquinas dunha fábrica?

1 **TÁBOA.** Observa e completa.



Materia prima	Produto elaborado
tomates	
atún	
la	

2 Que teñen en común un obreiro e un artesán? Marca.

- ☐ Traballan nunha fábrica.
- ☐ Transforman as materias primas en produtos elaborados.
- ☐ Utilizan grandes máquinas para realizar o seu traballo.

As persoas que traballan nas fábricas e nos obradoiros transforman as materias primas en produtos elaborados.